

Fondos de Fuencaliente.

No sur da illa da Palma, mirando a oriente e a poñente, atópase o municipio de Fuencaliente.

As erupcións volcánicas déronlle a Fuencaliente unha terra que cría excelentes viños, e uns fondos mariños de auga clara, a cotío tapizados de algas.

Nun medio inzado de produtores primarios, proliferan os organismos de niveles superiores da pirámide trófica.

Uns pasean entre rochas e algas.

Namentres que outros, mestres do ocultamento, transitan polo fondo.

O peixe trompeta adoita deambular solitario na busca de presas. Comparte espacio coa mucharra, que aquí chaman seifía, entre as rochas.

Pero non toda a pedras dos fondos de Fuencaliente son simples rochas. Algunhas contan historias.

O 5 de xuño de 1570, saíu de Funchal o galeón Santiago, con corenta relixiosos da Compañía de Xesús, rumbo ao Brasil.

Oito días despóis, o navío fixo escala en Tazacorte. Á mañá seguinte, proseguían travesía cara Santa Cruz de la Palma, cando atacaron o Santiago cinco barcos da frota do pirata Jacques de Sores. Pasados a coitelo, os xesuitas acabaron no fondo do mar. Din que as súas reliquias están na ermida de Tazacorte, pero é no fondo do mar, entre a punta de Malpica e a de Fuencaliente onde corenta cruces de pedra dan testemuño do seu final;

Preto da Boca Fornalla, ou cova das Pombas/Palomas, como é chamada polos pescadores, entre luces e sombras, custodiadas polos peixes.

Os peixes trompeta, os melgachos e os escarapotes deambulan entre as algas, indiferentes aos símbolos e os mitos mergullados.

Aquí, no fondo mar, as forzas eternas pouco valen. As vías de salvación están claras: ser máis forte ou escapar, pasar desapercibido ou dar medo, ou disfrazarse de perigoso; atopar unha gorida/ un acubillo e defender as crías.

E escapar das redes e das canas.

Namentres a pegada humana sexa só a das cruces, os peixes estarán a salvo e o peixe trompeta seguirá a percorrer os fondos de Fuencaliente, apoiado na complexa rede trófica do fondo do mar; onde non hai máis destino que vivir, primeiro, e morrer despóis, sen marcos nin cerimoniais.